UNIVERSIDADE DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

**EQUIPO DE GOBERNO**
Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Cidrás Pidre, José
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmos Romero, Yolanda
Pozo Triviño, Mª Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica
**DECANOS/DIRECTORES**
Álvarez González, Susana
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, Mª de las Nieves
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez Mª del Mar
**PDI-A**
Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica
**PDI-B**
Álvarez Álvarez, María Salomé
**ESTUDANTES**
González González, Jaime
Martínez Gómez, Sandra María
Piñero Vivas, Miguel Ángel
Redondo Cervantes, Montserrat
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan
**PAS**
González Penín, Ana Isabel
**CONSELLO SOCIAL**
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto
**SINDICATOS**
Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, María José
**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA**
Calviño Rodríguez, Xulio
Lima González, Estela
López Mira, Álvaro Xosé
Mollinedo Lois, Carlos
Torres Romay, Emma

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 29 de outubro de 2024, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 29 de outubro de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos do Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de setembro de 2024.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da actualización do plan do selo HRS4R.
4. Aprobación, se procede, da convocatoria das Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación asociado aos "Proyectos de Generación de conocimiento 2023" (FPI 2024).
5. Aprobación, se procede, da convocatoria das Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo, 2025.
6. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Instituto de Investigación Lingua.
7. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito para varios centros de investigación.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo (ReDLE).
9. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2025/26.
10. Aprobación, se procede, dos requisitos e a selección de prazas no marco do Programa María Goyri.

11. Aprobación, se procede, das unidades docentes seleccionadas para a saída de prazas de Profesorado Axudante Doutor no Contrato-Programa, así como do número de prazas para cada unha delas.
12. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente na Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, dos cambios na normativa de Concursos de Profesorado da Universidade de Vigo.
14. Aprobación, se procede, da normativa para a transformación de Profesorado Contratado Doutor a Profesorado Permanente Laboral.
15. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa de Listas de Agarda para a contratación de Profesorado Substituto.
16. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Acceso ao curso 2026/2027.
17. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de premios extraordinarios de Grao Universitario.
18. Aprobación, se procede, da asimilación, aos efectos de incompatibilidades, da figura do profesor universitario substituto a tempo parcial coa do profesor universitario asociado.
19. Toma en consideración do recurso potestativo de reposición presentado pola profesora Ana Garriga Domínguez contra o acordo da COAP do día 10 de xullo de 2024 polo que se aproba o POD do curso 2024/25 do Departamento de Dereito Privado.
20. Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado (1 estudante); Planificación e Asuntos Económicos (1 estudante) e Extensión Universitaria e Estudantes (1 estudante).
21. Elección dun representante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.
22. Elección de representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Xurídico- Social e 1 estudante do ámbito Científico.
23. Quenda de intervencións.

**1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de setembro de 2024.**

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

**2. Informe do reitor.**

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Antonio Collazo foi nomeado secretario da comisión permanente da Conferencia de directores de escola de doutoramento, substituíndo á Universidade de Alcalá.
- Con respecto ás prazas de PDI, espera que se asinen antes do 13 de novembro as prazas do programa María Goyri que se explicitan a continuación:












- Homenaxe a Antonio Rifón.
- Visita do Secretario Xeral de Universidades ao CINBIO.
- Xornada da Comisión Sectorial de CRUE-Profesorado.
- Plenario da Comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal.
- María Emilia Casas Baamonde, Doutora Honoris Causa pola Universidade de Vigo. Dá as grazas a Jaime Cabeza polo bo traballo feito.
- Mesa de negociación: Aprobación dos contratos-programa cos  departamentos, con cinco votos en contra (CIG) e 10 a  favor da parte sindical.

Aprobación das normativas por asentimento.

- Xuntanza final para fixar o programa María Goyri.
- Recurso dos A2: resolución relativa á sentenza favorable ás persoas recorrentes A2. Imos executala. Tentamos chegar a acordos que evitasen a repetición do concurso, pero non foi posible.
- Xuntanza SIGMA UVigo. Compromiso de facer varios cambios e destinar persoas para que os problemas poidan arranxarse.
- Xuntanza da alianza Athena en Lublin. Agradece o compromiso de todas as persoas que participan no proxecto Athena.
- Mestrado universitario en Lingüística Aplicada: o Mestrado interuniversitario en Lingüística Aplicada debía solicitar unha modificación non substancial nas tres universidades para incorporar o ámbito de coñecemento correspondente ao anexo I do RD 822/2021, na convocatoria aberta no curso 2024/2025 correspondente ao calendario aprobado polas tres universidades do SUG. De acordo co dito calendario, non se presenta a dita modificación non substancial. A universidade coordinadora solicitoulle ao Ministerio a modificación non substancial no curso 2023/2024, sen aprobarse nos órganos de goberno da USC e da UVigo, e foi aprobada con efectos desde o 3 de outubro de 2024. Neste caso en particular non hai problema, posto que só había un ámbito no que asignar o dito mestrado: Filoloxía, Estudos Clásicos, Tradución e Lingüística. Mais desde a USC e a UVigo comunicóuselle á UDC que estas modificacións deben ser aprobadas polos órganos de goberno das universidades participantes no título conxunto.

<u>Remata o informe ás 10.20.</u>

**2. Aprobación, se procede, da actualización do plan do selo HRS4R.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen fai a seguinte presentación:



UNIVERSIDADE DE VIGO

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Inspiration




UVigo Strategic Plan 2021-2026



Legislation on HE & Research

- European Charter for Researchers
- Organic Law 2/2023 on the University System
- The Science, Technology and Innovation Act

HR AP 2023-2026



Researchers' R1-R4 Views & Needs

2023 EC HR Consensus Report (Renewal Phase)





## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Gender Equality

5 GENDER EQUALITY

Equality Unit

Q4 2026

- Equal Opportunities & Inclusion (EO&I)
- EO&I Training
- EO&I Networking
- Gender Balance Promotion

KPI, Targets & Outcomes:

- Training events & Participants (R1-R4) / year
- Actions within the networks
- >50% of women in research government bodies by 2026

UNIVERSIDADE DE VIGO

# HRS4R Action Plan 2023-2026

## Open Science



VR for R&T&I
(+ Library)

Q1 2026

2

- Open Science (OS) Strategy
- Open Access (OA)
- Open FAIR Data & Infrastructures and Services for OS
- Citizen Science
- Diffusion and uptake of OS principles and practices

KPI, Targets & Outcomes:

- OS Policy & Strategy (+rules & norms on OS updated) by 2025
- Number of new/renewed transformative agreements
- 75% of scientific production in OA in 2026
- Data Management Plan protocol (CiGUS Centres)
- Events on Citizen Science
- Training contents created on OS

Universida de Vigo

# HRS4R Action Plan 2023-2026

## OS & Research Assessment

CoARA
Coalition for Advancing Research Assessment

VR for R&T&I
(+ Library)

Q4 2026

3

- CoARA-UVigo Strategy
- Involvement of the research community
- Change tools (metrics, criteria, application)
- Implementation
- Dissemination & Outreach

AP CoARA 2024-2027

KPI, Targets & Outcomes:

- Diagnosis of research activity assessment procedures
- New assessment criteria
- New application tools for the new assessment system
- 75% of research assessment procedures with new criteria by 2026

Universida de Vigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

# HRS4R Action Plan 2023-2026

## Beyond frontiers & Newcomers programme

4

VR for Internationalisation
(+VR for R&T&I + IDS for R1+ OPI + FUVI+ Quality)

- Value of Mobility (all schemes)
- Early-career researchers R1&R2
- Welcome Manual for UVigo newcomers' researchers (v1)
- EURAXESS Centre

Q1 2026

KPI, Targets & Outcomes:
- Rules & Norms on Mobility updated by 2024
- % of R1-R2 with Mobility experience
- Welcome Package v1
- Number of visiting researchers
- 4,25/5 Visiting researchers' satisfaction level by 2026
- UVigo EURAXESS Centre Accreditation in 2024
- Membership in the EURAXESS Network (join their events and services)

Universidade Vigo

IDS: International Doctoral School
OPI: International Project Office
FUVI: UVigo Foundation

# HRS4R Action Plan 2023-2026

## OTM-R Progress




5

Management
(+VR for R&T&I +OPI +VR for Teaching Staff)

- OTM-R Strategy
- Standardize Research Selection & Recruitment procedures
- Selection Committees
- HR Offices reorganization

Q1 2026

KPI, Targets & Outcomes:
- OTM-R Policy
- Rules & norms on OTM-R updated by 2024
- % of job offers OTM-R + EURAXESS (English)
  - 100% of R1&R2 by 2024
  - 75% of R1-R4 by 2026
- Guidelines for selection (+training contents)
- HR organisational structure OTM-R oriented

Universidade Vigo

UNIVERSIDADE DE VIGO

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Research Environment



Management + VR for Planning (+ ORPS +Research & CAI Centres)

Q4 2025

6

- Safe Working Practices
- Research support staff (research managers & research technicians)
- Research support services
- Research infrastructures

KPI, Targets & Outcomes:

- % of laboratories reviewed
- Number of recruitments (OTM-R) & training events
- Organizational Charts & Service functions Handbook
- Number of maintenance actions performed
- Analytical study of data security

UniversidadeVigo

ORPS: Occupational Risk Prevention Service

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Participation in organisation governance



VR for R&T&I (+Management + General Secretariat)

Q1 2025

7

- Researchers representation in the information, consultation and decision-making bodies
- (including research managers & research technicians)

KPI, Targets & Outcomes:

- Rules & Norms on research staff participation (electoral body) updated and approved

UniversidadeVigo

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Funding and Salaries



Management + OPI
(+ IDS for R1 + SAID )

Q4 2024

8

- Attract talented R1&R2 researchers (strengthen scholarships programmes)
- Foster information on national + EU grant opportunities (newsletter)
- Rules concerning salaries for early-career researchers (R1&R2)

KPI, Targets & Outcomes:

- % of scholars broken down by funder/programme
- % of increasing of the amounts allocated to scholarships
- 6 newsletters / year
- Rules & Norms on R1&R2 salaries updated by 2024

UniversidadeVigo

SAID: Research and Development Support Service

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Life & Workload-Balance




Equality + VR for Planning & Sustainability
(+VR for R&T&I + Management + OMA)

Q1 2026

9

- Balancing Life & Workload measures
- Co-responsible Conciliation
- Wellness and Sustainability (environmental interventions well-being oriented)
- Clean mobility

KPI, Targets & Outcomes:

- 4th UVigo Equality Plan
- Number of interventions and events on:
    - Conciliation
    - Wellness and Sustainability
    - Clean mobility

UniversidadeVigo

OMA: Environment Office

# HRS4R Action Plan 2023-2026

MSCA Green Charter as reference

## Quality Assurance & Sustainability

Quality + VR for Planning & Sustainability

(+VR for R&T&I + Management + OMA)

Q4 2026



10

- Research Quality Management System
- (integrating ISO 9001 standards)
- MSCA Green Charter practices
- Consideration of international metrics to assess sustainability progress
- External Awards & Recognitions

KPI, Targets & Outcomes:

- Number of external awards (and success rate)
- CiGUS Accreditation for 4 of 5 Centres by 2026
- Green Energy:
  - >1.500 kW of installed Photovoltaic capacity by 2026
  - >1.500 MWh/yer of renewable energy Generation (PV) by 2026
- 25% reduction on Carbon Footprint by 2026
- GreenMetric performance > 8.500 by 2026

OMA: Environment Office



# HRS4R Action Plan 2023-2026

## Dissemination of Results & Public Engagement



UCC+I + R&D Office

(+VR for R&T&I + VR for Communication)

Q2 2026

11

- R&D&I Communication Plan
- Scientific dissemination contents
- R&D&I Transfer Plan
- Foster Knowledge Transfer activities
  - (collaborative R&D&I + contract research or research services + license agreements)
- Public engagement

KPI, Targets & Outcomes:

- 2023-24 UVigo Scientific Communication Plan
- Number of events/contents
- 1st UVigo Knowledge Transfer Plan by 2025
- Number of collaborations with entities (&amount M€)
- Number of spin-off

UCC+I: Scientific Culture Unit

UNIVERSIDADE DE VIGO

# HRS4R Action Plan 2023-2026

## 12

## International visibility



VR for R&T&I
( + VR for International Relations + Library)

Q1 2025

- Research International Promotion
- Foster the use of ORCID and other identifiers in the scientific field
- Institutional identity in scientific information databases

KPI, Targets & Outcomes:

- Number of events and international collaborations
- % of UVigo researchers present in ORCID
- Number of platforms in which UVigo is present (events, membership –ASTP-…)



# HRS4R Action Plan 2023-2026

## 13

## Research teams transdisciplinary collaboration



OPI
(+VR for R&T&I + IDS for R1)

Q2 2025

- Dissemination of the research lines
- Foster collaboration among multidisciplinay research groups
- Foster interdisciplinary speaks (R1)

KPI, Targets & Outcomes:

- Number of events
- Number of multidisciplinary & transdisciplinary proposals
- Number of events (R1)

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Intellectual Assets

R&D Office
(+VR for R&T&I + IDS for R1)

Q2 2025

14

- Manage knowledge transfer indicators by scope and area
- AP for incentives and for raising awareness on intellectual property protection

KPI, Targets & Outcomes:

- Research Balanced Scorecard (BSC)
- % of increasing of Number of patents and other intellectual Assets.
- % of researchers protecting their knowledge

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Talent in Research




VR for R&T&I
(+Management +OPI + SAID)

Q3 2025

15

- Talent Strategy
- Research Talent Programmes
- Career Development Paths
- Fund-raising trough calls

KPI, Targets & Outcomes:

- UVigo Talent attraction & retention Plan
- Number of contracts
- Events on EU calls → 8 by 2025
- 15% increase in the Success rate by 2025
- 31% increase of return (6M€/year) by 2025

UNIVERSIDADE DE VIGO

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Early-careers & Stability of employment



VR for R&T&I — Q1 2025

(+ VR for Communication)

16

- Fostering early-careers
- Researcher Career Path at a glance!

KPI, Targets & Outcomes:

- Plan for young researchers by 2025
- Researcher Career Path in UVigo at a glance!

  1st edition 2023

UniversidadeVigo

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Research Information System



VR for R&T&I — Q4 2024

(+ UAP +Quality)

17

- Dashboard of indicators for R&D&I (accountability and decision-making activities)

KPI, Targets & Outcomes:

- Research Balanced Scorecard (BSC) performance

UniversidadeVigo

UAP: Analysis and Programmes Unit

UNIVERSIDADE DE VIGO

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Skills training

ATHENA Soft Skills Academy




CPFP
(+ IDS for R1 +OPI +Library)

Q1 2026

18

- Training plan (researchers-oriented)
- Relevant topics:
  - Soft skills
  - Sustainability
  - OS
  - Digital resources and competitive calls
  - Scientific communication
  - Personal data protection
- Specific customized training for R1&R2 needs

KPI, Targets & Outcomes:
- 1st Training Plan researchers-oriented by 2024
- Number of events
- Number of participants



CPFP: School of Continuing Studies

## HRS4R Action Plan 2023-2026

### Supervision and Mentoring




IDS + VR for Students & Employability
(+ VR for R&T&I)

Q4 2025

19

MSCA Guidelines for Supervision as reference

- Supervision
- Mentoring
  - Network of mentors for R1&R2
  - Mentoring programmes within the EURAXESS network

KPI, Targets & Outcomes:
- Guide of good practices for supervision by 2025
- Number of events
- Number of R1&R2 mentees

UniversidadeVigo

CPFP: School of Continuing Studies

# HRS4R Action Plan 2023-2026

## Awareness & Communication on the Charter & HR Programme



Coordination WG

(+ VR for Communication +Government Team)

Q4 2025

20

- HR Strategy and Action Plan & Webpage visibility
- #HRS4R (institutional media & social networks)
- HR Excellence graphic guidelines
- HR Structure (WG + SC)
- Access in English to relevant documents for researchers (internationalisation & mobility)
- Feedbacks from Research stakeholders

KPI, Targets & Outcomes:

- Research Webpages revised & updated
- Number of dissemination events
- Number of social impacts
- New HR Structure by 2024
- Number of events

UniversidadeVigo

WG: Working Group
SC: Steering Committee

# HRS4R Action Plan 2023-2026

## Good practices in Research

Coordination WG

(+ IDS for R1 +OPI + Quality)

Q4 2025

21

- Fostering UVigo capacity building
  - Inside
  - Outside: best-in class institutions to exchange, from Spain or abroad
  - (e.g. FECYT – EURAXESS Spain)

KPI, Targets & Outcomes:

- Numbers of good practices managed (identified + disseminated)
- Number of exchange organizations
- Number of good practices exchanged

UniversidadeVigo

WG: Working Group
SC: Steering Committee

UNIVERSIDADE DE VIGO




Apróbase por asentimento.

**4. Aprobación, se procede, da convocatoria das Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación asociado aos "Proyectos de Generación de conocimiento 2023" (FPI 2024).**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa sobre os cambios da convocatoria:



Intervén Rebeca Pilar Díaz Redondo para preguntar se se tratou na CRUE as baixas retribucións destas axudas, realmente dependendo das áreas de traballo, en concreto, polo que respecta á súa, son pouco competitivas. De feito, atópanse situacións nas que a enxeñeiros e enxeñeiras que están contratando por outras vías, por proxectos, estáselle pagando moito mais. Merma a captación de talento, unido a que hai unha nova normativa na universidade para intentar complementar, pero nesa normativa o que se pide é ter os complementos todos (para 4 anos) antes de firmar, e iso é practicamente imposible. Grupos que poden ter financiación ano a ano, pero non a 4 anos vista, todos os complementos mensuais nunha AEI. Non é unha cuestión persoal, por iso pregunta se se tratou na CRUE. Non saben que tipo de captación de talento se pode facer.
O reitor responde que non se tratou en concreto ese tema. Belén Rubio aclara que o salario está establecido polo EPIF, Estatuto do Persoal Investigador en Formación, igual para todos, comentando que quizais poderíase estudar se os complementos poden facerse ano a ano. Non se falou deste tema na CRUE. Vai ser difícil incrementar no que se formula.
O reitor comenta que quizais a vicerreitora podería estudar coa xerente para ver se se podería arranxar este problema, xa que estas axudas non se están equiparando, non é un problema soamente da súa área. A vicerreitora comentará na próxima reunión da CRUE, a mediados de novembro, esta cuestión.
Jacobo Porteiro intervén para dicir que a normativa de complementos é da UVigo, polo que no momento de sacar eses complementos se podería estudar, e súmase á petición de Rebeca Pilar Díaz Redondo.

Apróbase por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, da convocatoria das Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo, 2025.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen sinala algúns engadidos e actualizacións nas predocs da UVigo:



UNIVERSIDADE DE VIGO

Jaime González González intervén para dicir que se reduce o período de ausencia temporal máximo de 6 a 4 meses, como estaba previsto en anteriores convocatorias, limitando as opcións de realizar unha estancia mais longa, ou mais dunha, tendo en conta a vocación internacional dos investigadores da Universidade de Vigo. Quere saber se existe un motivo para esta redución, de loxística ou doutro tipo, ou se se podería haber mantido, de cara á futuras convocatorias.

A vicerreitora de Investigación comenta que concrete onde están eses 4 meses.

Anabel González Penín aclara que se reduciu a 4 meses (ao longo de 3 anos) porque se fala de contratos de 3 anos, e na Xunta de Galicia son 6 meses, pero contando con un contrato de 4 anos. O reitor indica que se tomará en conta para o ano que ven.

Rebeca Pilar Díaz Redondo comenta que ás veces é necesario realizar estadías máis longas, ou para saídas de campo nas que se toman mostras, etc. polo que non se debería limitar a 4 meses, ademais de crear diferenzas coas próximas convocatorias, algo que non lle parece axeitado.

Anabel González Penín aclara que as saídas de campo non se computan como estadías. Ademais, pola experiencia da xestión, a maior parte da xente o que fai son os 3 meses xustos para poder ter a mención internacional, en concreto en predocs non teñen ningunha petición que supere os 3 meses. Non se vai prexudicar a ninguén con este cambio. Vai saír con este período, e no futuro despois se analizará na Comisión de investigación.

O reitor comenta que hai dúas opcións, retirar o punto ou deixalo así ata unha próxima corrección.

Rebeca Pilar Díaz Redondo insiste en que non ven o motivo de recortalo, non oíu ningún motivo para recortalo.

O reitor comenta que hai unha solución, xa que Jaime González foi quen levantou este tema e forma parte da Comisión de Investigación. Se os representantes sindicais entenden que esta é unha modificación menor. Marta Pazos Currás afirma que non se dera de conta de esta redución, considerando que é unha modificación menor e pódese facer. Se somete a proposta con 6 meses, faise a corrección.

Apróbase por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Instituto de Investigación Lingua.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa do seguinte xeito:



TÍTULO I. NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO, OBXECTIVOS E FUNCIÓNS TÍTULO II. PERSOAL INTEGRANTE E COLABORADOR DO INSTITUTO TÍTULO III. ENTIDADES COLABORADORAS TÍTULO IV. ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN TÍTULO V. ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO INSTITUTO TÍTULO VI. IGUALDADE

TÍTULO VII. RECURSOS MATERIAIS, FINANCIAMENTO E XESTIÓN ECONÓMICA

15/12/2023, aprobado o instituto pola CI 5/7/2024, aprobación polo Claustro 30/7/2024, aprobación polo CG 7/10/2024, aprobación polo CS

Aprobado na comisión de investigación do 1 de outubro do 2024. Aprobado na sesión constitutiva do instituto do 21 de outubro do 2024

UniversidadeVigo

O reitor cede á palabra ao decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, Xosé Montero Reguera, quen lembra que este Instituto é o resultado de moito traballo, moito esforzo, e quere recoñecer o traballo feito pola Comisión de Traballo ao longo de case 3 anos. Quere salientar o esforzo do profesor García Miguel, de Alexandre Rodríguez Guerra, de Pablo Romero Fresco, de Elena Sánchez Trigo e, por suposto, a quen coordinou todos estes esforzos, o profesor Javier Pérez Guerra. Invita á comunidade universitaria a adherirse a este proxecto dende a inclusividade, agarda que sexan moitos os investigadores e as investigadoras que poidan incorporarse, que consideren que este Instituto de Investigación sexa unha boa canle para os seus proxectos e investigacións. A vicerreitora de Investigación súmase a eses parabéns, así como o reitor.

Apróbase por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, dunha transferencia de crédito para varios centros de investigación.**

O reitor cede a palabra á xerente, quen informa sobre o documento contable que conten as transferencias, e a MOTIVACIÓN, con respecto aos datos subministrados na documentación facilitada ao membros do Consello de Goberno:

A Resolución do 19 de abril de 2024 pola que se conceden as axudas da Orde de 24 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, da acreditación da excelencia (científica, técnica ou artística) e das axudas para a estrutura, a mellora e o apoio aos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, e que

se convocaron durante o exercicio 2023 (código do procedemento ED431G) na que a Universidade de Vigo resultou beneficiaria dunha axuda con destino ao Atlantic, Centro de Investigacións Biomédicas e do Centro de Investigación Mariña para a acreditación, estrutura, mellora e apoio de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, cofinanciada no marco do programa operativo Feder 2021-2027, convocada pola Orde do 24 de outubro do 2023, así como o seu recoñecemento como centro acreditado en excelencia, tralo acordo do Consello da Xunta de Galicia, como membro da rede CIGUS. No parágrafo 5 do anexo II da antedita Resolución establécese: "…no caso dos custos de contratación de persoal investigador ou auxiliar, os pagamentos das nóminas, seguridade social e IRPF dos meses de outubro e novembro de cada anualidade poderán presentarse como xustificantes para o cobramento da anualidade seguinte". Por todo o exposto anteriormente e para poder facer fronte o pagamento do persoal técnico que está a traballar no Atlantic, no Centro de Investigacións Biomédicas e no Centro de Investigacións Mariñas é necesario que se autorice a transferencia de crédito necesaria para facer efectivo o pago das nóminas do devandito persoal. Unha vez feitas as previsións de gastos para este exercicio económico na partida orzamentaria de orixe, existe crédito suficiente para atender esta modificación orzamentaria sen que afecte aos gastos previstos ata o final do exercicio.

Apróbase por asentimento.

**8. Aprobación, se procede, do Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo (ReDLE).**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Internacionalización, para que informe sobre o regulamento:



UNIVERSIDADE DE VIGO

## Regulamento para a docencia en lingua estranxeira (ReDLE) para grao e mestrado

- Cambio de sistema: de convocatoria a regulamento.
- Denominación: Regulamento de docencia en linguas estranxeiras (ReDLE).
- Modalidades: A, B e C.
- Nivel de idioma do profesorado: de B2 pasa a C1/HELA.
- Recoñecementos e vantaxes para o PDI: na normativa de POD, descontos na matrícula de cursos no CdL e preferencia en convocatorias de mobilidade (en caso de empate).
- Entrada en vigor: curso 2025/2026.



## Regulamento para a docencia en lingua estranxeira (ReDLE) para grao e mestrado

- Recoñecementos e vantaxes para o estudantado: no expediente académico aparecen as materias cursadas, inclusión no SET, descontos na matrícula de cursos no CdL e preferencia en convocatorias de mobilidade (en caso de empate).
- Entrada en vigor: curso 2025/2026.

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Regulamento para a docencia en lingua estranxeira (ReDLE) para grao e mestrado

Tramitación que seguiu o ReDLE

- Asesoría Xurídica
- Exposión pública
- Comisión de Relacións Internacionais (CRI)

Consello de Goberno

UniversidadeVigo

A profesora Rebeca Díaz intervén para facer varias consultas en relación con este regulamento:

- "En relación co indicado nas modalidades estratéxicas consulta o seguinte:
    1. Polo que se indica no texto da páxina 2 ("*Tendo en conta os obxectivos identificados e as diferentes situacións de partida dentro da nosa universidade, os centros da Universidade de Vigo poderán artellar a súa estratexia de docencia en lingua estranxeira nunha das tres modalidades seguintes*") non queda claro se as modalidades son por centro ou por titulación, dado que pode ser que un centro teña varias titulacións e que considere ter modalidades diferentes para cada unha delas.
    2. Na Modalidade A se indica que "*plans de docencia en linguas estranxeiras que presenten unha implantación de polo menos o 80% dos créditos ECTS da titulación, en lingua estranxeira*". Polo menos na titulación Grao en Enxeñaría de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (un dos dous únicos graos en inglés da UVIGO), esta condición non se cumpre. A condición que se cumpre é a de ter polo menos o 80% dos créditos ECTS das materias comúns a todo o estudantado. A pregunta é como vai a afectar esta nova normativa a este grao, dado que o obxectivo sería manter o que xa temos e amplialo, non reducir o impacto da docencia en inglés.

  A vicerreitora de Internacionalización comenta que non vai penalizar, senón animar a que impartan esa docencia ata o 80%. Cre que se podería publicitar así.

- No punto 3.4 se indica que "*As vicerreitorías con competencias na materia poderán propoñerlle ao reitor a suspensión ou a desactivación dun plan de docencia en linguas estranxeiras cando nos últimos dous anos o número de estudantes matriculados no grupo en lingua estranxeira sexa inferior a 5*". Non queda claro se son 5 estudantes en cada curso académico, se son 5 en total nos dous cursos e tampouco se se ten en conta o estudantado que non sexa propio, é dicir, o estudantado de mobilidade Erasmus (por exemplo). Nas condicións xerais de mantemento de materias sempre se fala de alumnado propio, pero nesta

normativa de docencia en inglés a idea sería tamén dar servizo a estudantado estranxeiro que queira vir á nosa universidade, polo que sería convinte ter en conta este número á hora de decidir se desactivar ou non unha materia.

- No que se refire ao Artigo 4 a dúbida radica no HELA. Actualmente esta proba é para avaliar un nivel equivalente ao B2, modificarase o HELA para que avalíe un nivel equivalente ao C1 (o novo requisito para docentes)? É válido o HELA xa aprobado para o profesorado que está impartindo xa docencia en inglés?

- No que se refire ao Artigo 4, no punto 4.4, indícase que o alumnado cubrirá unha enquisa para avaliar o nivel de inglés do profesorado. Tendo en conta que o nivel esixido ao estudantado é equivalente a un B1 e a o profesorado o equivalente a un C1, non parece moi axeitado que estudantes con menor nivel de inglés avalíen o nivel de inglés dos equipos docentes. Ademais, é moi complicado para un/ha estudante diferenciar entre o nivel de inglés e a forma de impartir a docencia, polo que, o máis probable, é que pase a ser unha enquisa que simplemente avalíe a percepción da docencia en xeral, como a que xa están funcionando desde hai anos. Creo que este punto debería ser revisado ou eliminado.

Finalmente, e comentario xeral ao espírito desta normativa, no Artigo 2.1 se indica "*As xuntas de centro ou as xuntas de titulación, de selo caso, solicitaranlles ás vicerreitorías con competencias na materia, mediante unha proposta, a impartición de materias en lingua estranxeira nos prazos estipulados. As propostas deberán vir acompañadas do visto e prace dos departamentos vinculados á docencia en lingua estranxeira, no que se garantirá a impartición desta durante un mínimo de catro anos*".
Hasta o momento, a situación que tiñamos era a seguinte, polo menos nos dous graos que se imparten en inglés na EET e na EEI. Ambos graos nacen a raíz da convocatoria Ultreia financiada pola Xunta de Galicia. O compromiso era ter unha financiación externa para comezar e, despois, que as universidades garantisen a sostibilidade das titulacións. Polo tanto, levamos anos ofertando un grao en inglés que non ten esa condición temporal de 4 anos de duración. Este é un paso atrás porque teremos que ver se se mantén cada certo tempo, é dicir, non hai garantía para o estudantado que se matricule nestes graos.
A miña reflexión é como imos promocionar este tipo de titulacións entre o alumnado, especialmente o alumnado de fóra do EES, que ten que facer fronte a un custo de matrícula moito máis alto que o alumnado do EES e, ademais, se ten que desprazar desde lonxe e que ten que pelexar tamén cos visados. Catro anos non é unha duración apropiada e, ademais, depende de cando comece a contar esta fiestra temporal: se un/ha estudante chega na metade, só ten garantidos dous anos máis, pero non todo o período da titulación. Desde o meu punto de vista este é un cambio radical de filosofía na docencia en inglés que contradí as recentes declaracións dos tres reitores do SUG, publicadas na Voz de Galicia do día 27 de outubro, onde inciden en que a captación de estudantado de fóra de Galicia é esencial para garantir a supervivencia das universidades. Tamén contradí o indicado pola Vicerreitora ao presentar este regulamento e o que se falou en diferentes reunións previas ás que fun invitada na miña calidade de Directora da EET".

Hai debate entre a vicerreitora e Rebeca Díaz, destacando a vicerreitora de Internacionalización que é un regulamento moi complexo, que cando bote a andar necesitará modificacións e tamén poderase mellorar a redacción, deixando claro que os que tiñan o HELA antigo poderán seguir, pero, sempre que sexa posible, deberían intentar acceder a ter un C1, no prazo de 3 anos, pero non se vai penalizar

a ninguén. Ademais, engade que o espírito é transmitir a idea de que terán esa docencia 4 anos. Está bastante satisfeita con esta solución, pero alomenos os departamentos teñen que comprometerse 4 anos, para dar seguridade aos estudantes dun grao.

Jaime González intervén para comentar o punto 4.2, apartado d), onde se fala da acreditación do HELA. Fálase do feito de que será de balde para persoal do PDI da Universidade sempre e cando estea dispoñible para impartir docencia durante, polo menos, os 3 anos seguintes. Os predoutorais, pola duración dos seus contratos, non poden ver cuberta esta acreditación. O ve máis como un impedimento para que máis persoal poida animarse a participar desta docencia en inglés, e poidan ver un impedimento porque non teñan acreditada a gratuidade dos predoutorais.
A vicerreitora de Internacionalización comenta que supón que non deberían ter impedimento, aínda que se non teñen contrato coa UVigo non poderían impartir esa docencia, poderían deixalo mais explícito.
Jaime González fixo a HELA, e con esta nova normativa non podería porque non lle quedan 3 anos de contrato, aínda que tivera toda a vontade do mundo para facer esta docencia en inglés. A vicerreitora toma nota no caso dos predoutorais.

Mar Rodríguez intervén para comentar dúas cuestións, unha referida á propia docencia e outra como directora de Departamento. A primeira é que habitualmente imparte as materias en inglés, normalmente pensamos en alumnos españois, pero ela ten alumnos non soamente españois, senón tamén estranxeiros, Erasmus, cerca de 40 persoas en total no grupo de españois e Erasmus. Se dicimos que teñen que ser 5 alumnos, poñendo limitacións, se son Erasmus, que despois van a estar, hai que computar o alumnado total, contando tamén os Erasmus. A vicerreitora de Internacionalización comenta que os Erasmus se computan dentro deses 5, non hai ningunha dúbida.
Outra cuestión que quería comentar é o tema das acreditacións, xa que o que se pide ao estudantado é un B1, entende a filosofía, pero non cre que se deba mudar a un procedemento mais ríxido, xa que hoxe en día o estudantado ten como mínimo un B1 aínda que non o teña acreditado, evidentemente elixen a materia ou o grado en inglés porque coñecen o idioma, xa que é mais difícil en inglés, e non se esixe aos estudantes Erasmus. Os estudantes non deberían ter unha acreditación, da selectividade saen xa cun nivel B1. Ademais, o de cambiar un HELA parécelle un pouco raro, o feito de que teñan que volver a examinarse.

José Fariña Rodríguez, director da Escola de Enxeñaría Industrial, fai unha pregunta sobre a situación actual: Eles teñen un grado en Inglés, co 75% da docencia en inglés, derivado de Ultreia. ¿Que pasa coa matrícula que teñen neste momentos? Porque supón que este regulamento é un borrón e conta nova, e quere saber que sucede se non poden chegar as cifras esixidas do 80% de docencia en inglés.
Intervén a vicerreitora para dicir que non hai penalización, como sucedía antes, e que se poden engadir materias novas, algo que non se podía facer ata o de agora.
O director continúa dicindo que este ano non acadan ese 80%, e quere saber se vai ser flexible, se poden seguir mantendo o grado en inglés.

Intervén a continuación Arno Formella para dicir que está bastante de acordo con Rebeca Díaz. Ademais, na normativa non se fala nada dos nativos, e teñen como nativo o inglés, alemán e portugués, cre que se debería ter en conta á hora de pedir os certificados a condición de nativos, e dicir “certificados ou equivalentes”.

Miguel Piñero cre que solicitar aos estudantes un certificado en inglés á hora de matricularse na materia non é o axeitado. Debe cumprir un mínimo, pero o ve como unha limitación se poden acreditar sen certificados o seu dominio da lingua inglesa. Explica a súa propia experiencia en Venezuela e Estados Unidos, non parecéndolle lóxico a acreditación, parécelle moi limitante. Poñerllo como un requisito parécelle que está mal. Ten un coste moi alto, cre que se demostran que coñecen moi ben o idioma non se debería esixir ese certificado de inglés.
Jaime González apoia a intervención de Miguel Piñero.

O reitor comenta que o 80% se podería modificar en materias de formación básica e obrigatoria. No tema do mantemento de 4 anos, podemos poñer que se poderá renovar anualmente, podemos facer constar tamén que, no caso que se extinga a docencia en inglés, podería engadirse que poderían facelo por dous anos mais.

Rebeca agradece a modificación que comenta o reitor e manifesta que estaba moi contenta de que se retomase o traballo nesta normativa, despois de 6 anos en suspenso. Indica que, se é posible, se insista no tema de facilitar que as titulacións en inglés poidan ter continuidade máis aló dos 4 anos indicados nesta normativa, en especial para o alumnado de fóra do EEES, que pagan unha matrícula moi elevada.

A vicerreitora agradece a Rebeca as súas suxestións con respecto á normativa.

O decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, solicita que non sexa solo o Centro de Linguas, senón que a Facultade poida ter as mesmas competencias que o centro de Linguas, xa que poden habilitar incluso como doutores/as e se teña en consideración esta proposta. A vicerreitora comenta que non ten que ser solo no Centro de Linguas, senón que pode facerse nun centro certificador.

Queda para ter en conta as modificacións que deben contemplarse no Regulamento, incluíndo clarexar que os alumnos Erasmus e internacionais se contabilicen.

Apróbase por asentimento.

**9. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2025/26.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente,

UNIVERSIDADE DE VIGO

## Informado favorablemente por asentimento da COAP o 18 de outubro de 2024

- Curso 2025/2026: manter os mesmos criterios, con pequenas modificacións.
- Actualización de datas.
- Eliminación do anexo correspondente aos recoñecementos de actividades de xestión e de apoio nos centros/campus que se incluirá na Normativa de dedicación e de recoñecementos docentes do profesorado.



## Informado favorablemente por asentimento da COAP o 18 de outubro de 2024

- Elaboración da PDA de grao:
- Oferta de materias en inglés:
  - A oferta de materias en inglés será a correspondente á aprobación por parte da Vicerreitoría de Internacionalización segundo o Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo. Non poderá ofertarse docencia en inglés fóra da proposta achegada pola Vicerreitoría de Internacionalización, agás nos casos nos que a docencia en inglés se recolla na memoria de verificación do título e naquelas materias nas que esta lingua sexa vehicular.
  - Todo o profesorado que imparte docencia nestas materias debe contar coa acreditación requirida no Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo.

**Informado favorablemente por asentimento da COAP o 18 de outubro de 2024**

- Elaboración da PDA de mestrado:
  - A coordinación de todas as materias corresponderalle ao persoal docente da Universidade de Vigo segundo a normativa da Universidade de Vigo. No caso dos mestrados interuniversitarios, se o coordinador/a global da materia é un profesor/a en plantilla doutra universidade, será necesario nomear unha coordinación local dentro do persoal docente da Universidade de Vigo segundo a normativa da Universidade de Vigo. No caso excepcional de que o coordinador/a non teña carga docente no mestrado deberá ter asignadas cero horas.
  - Oferta de materias en inglés:
  - A oferta de materias en inglés limitarase aos casos nos que esta se recolla na memoria de verificación do título ou naquelas materias nas que esta lingua sexa vehicular. Todo o profesorado que imparte docencia nestas materias debe contar coa acreditación requirida no Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo.

UniversidadeVigo

Rebeca Díaz ten unha dúbida. Agora, co novo sistema de xestión académica, xa non é posible que unha persoa sexa coordinador dunha materia sen ter docencia, polo que parécelle raro que non poidas ser coordinador dunha materia pero si dunha titulación. Vaise poder facer? polo que pregunta se unha persoa que sexa coordinador mais de xestión, no mestrado, podería facelo. O vicerreitor responde que isto no mestrado non sucede.

<u>Apróbanse por asentimento.</u>

**10. Aprobación, se procede, dos requisitos e a selección de prazas no marco do Programa María Goyri.**

O reitor fala da importancia dos dous seguintes puntos, antes de ceder a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica para que presente o programa María Goyri: o reitor incide que na remuda conseguimos que a curva da idade media empezara a baixar. O segundo punto importante era o desequilibrio de ámbitos, que estamos intentando reequilibrar, e se vemos os datos son bastante bos. Hai máis cousas, temos unha visión con respecto aos departamentos, para darlles ferramentas para poder asinar a docencia como corresponde. No tema do María Goyri, aceptar este regalo, non podemos mudar ningunha coma, pero en todo caso vennos moi ben, estamos a falar da remuda global do noso profesorado.
Intervén a continuación a vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, presentando o programa coa seguinte presentación:

## Programa María Goyri

MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
XUNTA DE GALICIA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
UniversidadeVigo

Antigo Plan Integra

**Convenio entre el Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, la Consejería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional de la Xunta de Galicia y las Universidades de A Coruña, Vigo y Santiago de Compostela para la implementación del Programa de Incorporación de Talento Docente e Investigador a las Universidades Públicas Españolas, en ejecución de lo dispuesto en el Capítulo IV de la Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario.**



